

Praza número: 18/1410

Número de prazas: 1

Categoría: Axudante doutor/a

Dedicación: Tempo completo

Área de coñecemento: Fundamentos de Análise Económica

Departamento: Economía

Docencia: 611G01012 Microeconomía e mercados

612G01008 Principios da economía e facenda pública

4525005 Pobreza e desigualdade

4443301 Liberdade de empresa: organización xurídica da empresa. O empresariado

Centro: Facultade de Economía e Empresa

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada,

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve asignar a referida praza ao concursante **D./D^a. MARÍA BARREIRO GEN**.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 09/04/2019

O reitor,

Julio Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	Xd6e40pvAOvsCod2nPXgFA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	09/04/2019 10:54:19
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Xd6e40pvAOvsCod2nPXgFA==		

